

# A·ROSA·TERRA

BOLETIN DECANAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

Redaición e Administración: REGO D'AUGA, 38, 1.<sup>o</sup>

Núm. 31

A CRUÑA 20 DE SETEMBRE DE 1917

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, ó mes, 40 cts.  
Coste'un número 10 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.  
América, Id. 2 »

Pagos adiantados

O PROBE XAN, por Castelao



—N'õ Son por querer sere.... ¡Unha esmola!

## A NOSA VISION

**FATALIDADE ASIMILISTA**

Com'UNHA mala soma, com'a xenreira d'unha mala fada que sobre da España caera, o asimilismo foi o *leit motiv* que perséduo o ausurdo proceso da historia peninsular. Il sigue sendo, ainda, o determinante d'autuación d'os políticos de Meseta. O insinño de cinco séculos d'artificiosa unidade a base dc asimilación forzada nada dí os nosos *desgobernantes*. O asimilismo, tendencia á simplificación, propósito sintético, redución á homoxeneidad do heteroxéneo e vario, é algo que predomina agora, como sempre predominou, no espírito castelán. A ningúén pode fuxírselle qu'iste espírito castelán é o que decote, hoxe coma onte, créndo uns a todos os que integraru a Península, quixo faguer con eles un todo igual, armónico, sin diferencia algunha, ¡cal si fose obra praiticable o fundir e xuntar o que, por condicións de raza, costumes, chan, lingua, etc., é tan oposto e contradictorio! Castela núcleo central d'ista obra, en ningún tempo rematada, que se chama España, foi a que infundéu o seu espírito á Península, e como en Castela o asimilismo é algo qu'está no ambiente, Castela erixida en direutora dos destinos da Península foi a que levou o seu fondo sentimento asimilista ás costumes e a práctica do governo e da política do Estado hispánico. O castelán, condicionado pol-o medio xeográfico no que se desarrola, froito direuto da terra na que foi nado, é dende o seu nacemento simplicista; a monotonía da terra hirta, sempre a mesma, semella habere modelado, com'unha vasixa impón a sua forma ó líquido contido n-ela, a y-alma do castelán, y-eisi o castelán é enemigo do complicado, do complexo, non-o concibe; a sua tendencia e simplicista e a simplicidade, como algún dixo, e incompatiblre co-a civilización. E sendo isto eisi, e habendo sido casteláns os que, século trais século, viñeron autuando na outa dirección dos destinos ibéricos, natural é que o seu instinto asimilista inspirase todolos seus feitos, e qu'asimilación fose lei suprema que determinase todolos seus autos.

Mais é de ter en conta que o dito sentimento asimilista fita con prevención, como causa de perigro, todo aquilo que significa intento de diferenzación, tendenza á variedade, arela de sere ceibe. E com'as diferentes nazonalidades qu'integran a Península son seres vivos, coleitividades cheas de enerxía no obstante a lousa de promoto da hexemoña castelán que sobre d'elas pesou tanto tempo e ainda sigue pesando, chegou un momento, o actual, no que xa non podendo

resistire mais tempo e abalada a sua vitalidade, esmorecida tan soio, polos ventos da renovación qu'axitan ó mundo enteiro, pertenden libertárense d'aquila unificación—a unificación da morte—botando por terra o uniformismo fatal que hoxe eisiste, uniformismo que non é outra cousa qu'a castración d'enerxías das nazonalidades hispánicas e a sua anulación como seres vivos e cheos de vida.

Dícese qu'a libertade coleitiva é un postulado do moderno dereito. Contra esa afirmación, admitida no mundo enteiro, erguese o sentimento asimilista que perside a política española, e que si poido producire fastos memorabres d'épica grandeza non é menos certo que tamén deu lugar a desastres enormes, que inda hoxe poñen xenreira no peito contra aquiles qu'os causaron. Pois si ben é verdade que mercede a il chegou a

Inda hai parvos e ignorantes e persoas de mala fe, que ó falaren de Cambó chámante separatistá.

Antre aquiles—na crás que lle pareza menos aldraxante—está un desenterrado santiagués que non quixo morrer a tempo e sofre a pena de sobrevivire ó seu fracaso: o Sr. Barcia Caballero, bô médico antre os literatos e bô literato antr-os médicos.

¿Cambó, separatista? Si separatista é quen sinte degoros de facer unha grand'España, pol-o erguimento das suas rexios, endebeñ.

Pro dígase sereamente: ¿Pode chamárselle separatista, sin mentir a sabendas, a un home que non soyó traballa fondonísimamente por organizare a España—xa a Cataluña non se pode tildal-a d'euista—senón que inda percura con fe e entusiasmo, a xuntanza con Portugal, da que coida fió a Galicia?

Si isto é separatismo, ¿que é canto faise na Porta do Sol de Madrid, polos vellos e fracasados políticos?

Si isto é separatísimo, que non é o «encasillado» vergoñoso do ministerio de Gobernación.

bicefala aguia de Castela—ave de presa ó fin—a domeñar baixo a sua pouta un continente enteiro ó que impuxo a sua lingua e as suas leises, non é menos verdade qu'as mesmas terras d'ise continente amóstranse hoxe ós ollos do mundo enteiro como definitiva condenación d'un sentimento, o asimilista, que querendo faguer d'elas unha nova Castela, soio sirvén pra apresurar a hora da sua emancipación.

O asimilismo, pois, é algo que ficou no mais rotundo fracaso; pertendere qu'il siga informando as definitivas orientacións do Estado español e non soio ausurdo, senón imbécil.

Os tempos van más de presa que dinantes e os acontecimentos precipitanse. Hoxe, a vitalidade dos núcleos nazonais que fan España, e cada vez más rotunda e más forte; ó milagre contribuyéu d'un xeito decisivo o fracaso do asimilismo, que despois de tanto tempo d'ensayo resulta más desaxeitado que nunca pra rexir a dinámica do organismo ibérico. O asimilismo é o recuar, a reacción, e o mundo, lonxe de voltar no seu subir progresivo, camiña cada vez con movemento mais aceleirado ó seu perfeccionamento, perfeicionamento que, n-iste caso, será o abranguer unha vida libre pr'as nazonalidades, na cal, dona cada unha dos seus destinos, poidan todas fraternalmente, agrímosamente, desenvolver as suas aitividades con libertade prena e sin vasallaxe e sumisión a unha determinada, como agora sucede, que iso non soio é indigno sinón intolerabel.

RAMÓN VILLAR PONTE.

**UNHA BAIXEZA**

O Sr. Francisco Camba, rogou ao consello da Irmandade da Fala da Crux que lle permitira asistir ao xantar íntimo c'o que aquela entidade agasallou a don Francisco Cambó no Pasaxe, na compañía de D. Rodrigo Sanz.

Rogouno con fondo encarecimiento. Como se lle tivera advertido que era causa d'intimidade, que non podíase levar á prensa, il pormeteu non dicir nada. Dou palabra de sere discreto. Non iba como xornalista. Seu ouxeto era oubir ao ilustre *leader* do rexionalismo catalán na parola íntima. Tanto rogou e tanto prometeu, coma cabaleiro, o non sere indiscreto, que por educación somellante intruso foi admitido onde non tiña papel.

Faltou á sua palabra. Ofendeu ao ilustre político. Puxo nos labres do Sr. Cambó, n'un artigo que publicou na *Voz de Galicia* cousas ausurdas que aquel non dixo. Dixo tamén cousas aldraxantes pr'os dinos membros do consello da Ir-

mandade da Fala, crebando as leises da hospitalidá e da fidalguía, logo de aproveitárese, ainda, d'unha cea costeada pol-o Sr. Cambó.

Un home eisí queda descalificado. Un home eisí é merecente do noso desprezo. Abusou da confianza. Seu xeito foi rufianesco. Non ten disculpa. ¡Imbécil!

E abonda xa de falar de tal suxeto. Quen non sabe de corrección nin de delicadeza é un disgraciado. ¡Non afondemos en vidas e milagres! Pol-as suas obras coneixerédelos...

\* \*

O Sr. Cambó mandou a *La Veu de Catalunya* o seguinte telegrama: «No caso de sere recollidas pol-o Goberno ou

ESPERTANDO Á CONCERNIA HISTÓRICA CALEGA

## O NACIONALISMO NA NOSA MÚSICA

*G*ALICIA, pirmeira monarquía española, dimpois da decadenza romana! Berce de discretos reises que velaron pol-a tua lingua nativa, arte e institucións. Patria dos Alfonso VI e VII e de Sancho (que falou, escribeu e mandou falar e escribire oficialmente en galego) e d'Alfonso X, que sin sere nado na nosa terra, soio empregaba o castelán pr'ós seus estudos, falando, escribindo e entendéndose pra todo sempre en galego. Deica cando dirixiase á Virxe...

Galicia, cuios pirmeiros elementos musicales e de perceitiva—amóstranno libros d'arte, códices e coleccións—che se deben a ti en grandísima parte. Galicia, espiña dorsal da música española, refuxo e custodia antano do saber e da inspiración musical dos pobos grego, xudio e árabe. ¿Non é merecente de que na España seriamente che s'estude, reconécedoche a supremacia á que tes direito pol-a tua historia?

Por mor da absorbente unidade, baixo pendon de Castela, o arte nacional, ante nos foi cousa morta. Socede c'ore arte o mesmo que c'idioma: impúxose un (sin que porilo deixárase de botar man de moitos elementos das literaturas rexionás), e perténdese parvamente que o arte tamén sexa un, pro esquecendo o elemento rexionalista, que na música, percisamente, e a nota d'ise arte único.

Por iso, pol-a mal enxerguida centralización que na España impera, fallos estamos de música sinfónica, orquestal; porque ante nos o non eisiste.

Dentro d'un Estado, calquera que iste señá, non hai, non pode habere arte sinficadamente nacional; e moi menos ainda na España, onde os rasgos caraterísticos da sua riquísi-

a prensa as manifestacións que m'atribuía un xornal da Cruña, autorizo pra desmentilas.»

## ¡Erguédevos!

¡Ey! gallegos despertad! que xa empezan a cruxir as cadeas que nos cinguen pra non deixarnos fuxir.

Com'esta terra n'hay outra é doce o noso falar ¡queredes ou non queredes esa cadea crebar?

Se desta xeira dormides non debedes olvidar ¡que seredes sempre escravos, pra nunca poder loitar!

B. VARELA.

A Cruña, 10 Setembre do ano de 1917.

## Un bispo e un pintor falan en galego

O Sr. Bispo de Tui, D. Manoel Lago González, un dos homes más cultos do Bispado español, fai pouco con motivo d'una invitación que lle fixera a *Irmandade da Fala* da Cruña pra que honorase c'a su persencia o homenaxe c'o que aquela entidá lembrou ó ilustre Said Armesto, mandounos unha carta, escrita en galego, da que son istes trechos:

...«Con vostedes trabalho, o que podo no meu canto, pol a fala benta das *Cántigas de Santa María* e dos *Cancioneiros*.

Galego de corazón e de nacemento, saúdo os bos gallegos das *Irmandades*,

† MANOEL, BISPO ELEUTO DE TUI.»

\* \*

Pol-a sua parte, o insine pintor Francisco Llorens contestou a unha carta que no nome das *Irmandades da Fala* lle dirixira o Primeiro Conselleiro da da Cruña, com'adesión, ó xantar co que o agasallaron seus admiradores, n'istes termos enxebres:

«Sr. D. A. Villar Ponte.

Moi distinguido señor e amigo: A sua carta de agarimosa felicitación y-o saúdo das *Irmandades da Fala*, de Vigo, Monforte, Santiago, Ferrol y-a Cruña, que vosté representa con tantos antusiasmos e que pol-a mediación de vosté toman parte no actual rexurdimento artístico de Galicia que é pra todos nós redención e consolo, éncheme de agradecemento pol-o que significa e pol-a forma aloumíñeira de expresión, que está en todo d'acordo cos meus sentimentos de namorado das grandes meiguerías con que a nosa terra nos engaya.

Por eso lle rogo que me faga o favor de aceptar os meus agasallos de gratitud e me dispense a mercede de trasmitilos a aquelas *Irmandades* que de modo tan eficaz cumplen o seu deber de «galleguización dos gallegos.»

Aproveito esta ocasión pra ofrecerelles a todos vostedes os mais sinceros testimonios da miña devoción e do meu agradecemento e teño moito gusto en repetirme ás suas ordes moi afeuto e reconocido.»

FRANCISCO LLORENS.»

\* \*

O noso idioma vaise ergiendo e enobrecendo. Xa o non empregan somente aquiles que desexan facer rir con porcadas; xa non ten cultivo soio no xardín da poesía. Xa vai servindo pra eispresare xeitos da y-alma, momentos de espiritualidade outa nos que a concencia da raza lostreguea, pra alumear horizontes d'espranza, que falan de xornadas trunfais do porvire.

O Bispo de Tui, un cume da Irexia española, cando d'honorar a un xenio trátase, con san orgullo fala en galego.

Un pintor, cheo de loureiros, cando se festexa o éxito do gran Certáme pictórico galego, tamén nos di o que sinte no noso e no idioma de seu.

Facendo por que xeneralícese o exemplo, axiña a nosa cultura oxe esvaida e esmorecente, escrava de pensamentos istranos, ficará conquerindo un xurdimento autónomo, base da arelada proclamación da nosa carta «d'indipendencia intelectual.»

Convénnos unha xuntanza estreita con Portugal. Galicia ganará con ela no senso económico, no senso político e no senso histórico da rivindicación de gran raza oxe esnajizada por fondos erros seculares. Comprétanse os intereses materiás portugués-galaicos. Comprétase a y-alma común, latexante na lingua. Comprétase o degoro «atlantista». O desenvolvimento da persoalidade galega pode ser camiño cheo de luz patriótica que leve á España á conquere unha gran xuntanza ibérica. Pangaleguismo, panlusitanismo: eiquí tendes as novas verbas d'unha nova e outa política.

Galicia é unha rexión incompreta. Portugal un Estado tamén incompreto. O Miño ollado sereamente non nos parez unha fronteira. Portugal chama a Galicia. Galicia chama a Portugal. ¡Oh España! Estes chamamentos non pódan perdérense no ar morto da vella política.

## D'UNHA CONFERÉNCIA

## Olland 'o nacionalismo na nosa pintura

**D**ISFRUITAMOS dos benficios da paz, á hora mesma na que as maiores porciones da humanidade, as mais cultas e mais ilustres, sofren fondas miserias. Tan horrible catástrofe, na que finaránse sin dúbida moitas cousas que tiñamos por fundamentás, merecería sere maldecida por todo corazón honrado si no fondo do seu propio horrore o non parecerámos descobrire que estamos assistindo a unha crisis de crecimiento do espírito humán, e que, esmorecida ista arripiante pesadilla que oxe nos asoballa, vivirán vida dina d'homes civilizados un número maior d'almas das que tiñan vivido deica agora. Tal é o noso destino. Todo milloramento da humanidade, sinifica un mundo de dôres e unha fervenza de sanque.

Os que oxe vivimos, temos que falarmos d'isto. Canto no mundo eisiste na hora d'oxe, sente gravitare sóbor da sua eisistencia o peso da loita; o camiño que as cousas de todo orde han seguire o dia de mañán fixanse oxe nos campos da guerra. Esta guerra determinará os destinos de moitas xeneraciós humanas... D'ela s'os nosos ollos acertan a ver craro, parez que ten de xurdir o reconocemento e o respeto da persoalidade e direitos dos pobos; de todos: os grandes e groriosos e os pequenos e esquecidos. Alguen dixo xa que o que a Revolución francesa sinificou prâ autonomía política e civil do individuo home, sinificarayo ista guerra no que fai á libertade do individuo pobo. Cada nación, cada grupo d'homes axuntados pol-o tripre ño da raza, da terra e do sangue, desenrolará libremente, según os íntemos ditados do xenio de seu, suas facultás xenuinas, enxebres, as notas verdadeiras do seu xeito, pra vivire a prena eisistencia da que o fagan merecente suas virtudes vitás. Que isto ten de sere eisi, amóstranolo o feito de que no corazón do home ningún sentimento e oxe tan forte com'o nacionalismo. E dentro do noso país, cada dia son mais graves, mais axiñosos os probremas que topan á cuestión da vida das varias rexións; das varias naciōs, din outros.

*...Pol-o meio do arte repersentano sempre seus degoros, suas arelas aquiles pobos que por calquer caosa o non desfroitaban de preuitude de vida. ¡Oh, o arte pôdebos sere moi perigoso! S'eu fora un tirán, quizais mais que ôs revolucionarios lles temese ôs poetas ..*

RAMÓN M.<sup>a</sup> TENREIRO.

Este numero de A NOSA  
TERRA foi levado à censura

## A filla do Rey

por Ramón CABANILLAS

I

Murcha, o mesmo que unha rosa  
pol-a xiada tolleita,  
a filla do Rei morría  
d-unha pauliña segreda.

Por pregoneiros y-editos  
chamados a toda presa,  
ó rexio pazo chegaron,  
das más apartadas terras,  
curandeiros, adiviños,  
físicos, sábeos e meigas...  
os que se creban a chola  
buscando a virtú das herbas,  
revolvendo libros vellos  
e no estúdeo das estrelas.

Abofó que daba enoxo  
o que fixeron con ela.  
Mediciñas, desconxuros,  
ansulla de pita negra,  
herba-rata, pan de sapo,  
rogativas e novenas,  
emplastos na rabadilla  
e cocimentos de xesta...  
todo foi de balde. A forza  
de remédeos, a princesa  
quedou pior que denantes,  
máis molida e más enferma.

三

Nos lindeiros d-aquel reino,  
no corruncho d-unha aldea,  
por aquel entón vivía  
unha vellíña, tan vella  
que xa arrolaba no berce  
un netiño d-unha neta.

Soupo o caso que revolta  
trayfa a nazón enteira,  
e sábea en cousas da vida  
co esa fonda sabedéncia  
que nos dan os moitos anos  
cando trayen longas penas,  
sin andar con requilarios,  
premisos nin reveréncias,  
perguntando pol-o Rei  
como si fora un calquera,  
un día, escaleira adiante,  
entróu no salón de audéncia  
sin medo, c-o mesmo xeito  
que entraba na súa eira.

Nunca foron os homildes,  
moito máis si son da aldea,  
xente vista con bos ollos  
dos que ós reises arrodean,  
teméndolle á vós honrada  
que, c-o amarguexo das queixas,  
os crímenes dos sifiores

deixe nas rexias orellas,  
y-ó vel-a nosa velliña  
tan repolida e tan tesa  
querían botala fóra  
y-en pouco estuvo o fixeran.

Entrou o Rei n-aquel intre  
e cando reparou n-ela  
escomezou a falarlle:

—Ti que trayes, miña vella?

—Siñor, díxome un veciño  
que tel-a rapaza enferma  
d-un mal que naide adiviña  
e que sendo, como era,  
branca com-as albas neves  
con fazulas de cereixa,  
da noite para a mañán  
trocouse, ¡a probe! amarela  
com-unha xemiña de ovo,  
com-as frores da toxreira...

—Non te engañou.

—Pois, verás,  
como eu xa son más que vella,  
e sei os bois con que labro,  
e teño tataranetas,  
e vinlle os cornos ó demo  
e sei de que pé coxea....

—Boeno, boeno. Fala craro  
que non estou para lerias.  
Qué rayo queres?

—Escoita:  
quero que me dés licéncia  
para levarme a rapaza,  
e xuro que hei de trayercha  
tan forte e sán com-un buxo;  
com-unha mazán, bermella;  
brincadora com-un ledo  
toroutóu de castañetas.

—Pero, muller, ti estás tola.  
Cando ni os sábeos acertan...

—Non lle fai. Teño a ventaxa  
de ser vella e ser labrega  
e no-hay sábeo que se poña  
diante d-esas duas cencias;  
sei o que pasa nos pazos  
anque vivo antr-as ovellas,  
e teño espranza n-Aquel  
que lle pon rabo as cereixas.  
Quedou o bo Rei sospenso;  
e, conlegria da vella,  
dimpóis de pensalo un pouco,  
dixo con vós firme: ¡Seva!

III

Non quixo a vella levar  
do pazo coches nin bestas,  
nin hondeiros nin señores  
nin paxes nin camareiras,

y-un pouco en carros de bois  
que topaban nas veredas,  
logo a pé, dimpóns en burro,  
o mesmo qu-ela viñera,  
ós nove días entró  
na súa chouza d-aldea  
levando da man a nobre  
e mimosíña princesa.

«Santiño en onde te poño»  
a velliña, a toda presa  
proparó o millor coaito  
para acomodo da nena.

Mercóulle uns zoquinos novos  
o primeir día de feira,  
feitos de pau d-ameneiro  
e de coiro de xuvencia;  
cangou na contraventana  
unha xaula de canelas,  
c-unha parexa de xílganos  
brincadora e cantarcira;  
truxo da vila un espello  
que lle costou tres pesetas,  
d-eses espeliños craros  
que fan rincanto refrexan;  
enchéu tñolos corrunchos,  
as paredes y-as vidreiras,  
de pucheiros nos que a feixes  
prantú, en frores y-en herbas,  
todo) feitizo dos prados  
e toa a gala das veigas;  
manou vir dedales, panos,  
aguas, encaixes, trenzas,  
fio e todal-as crases  
enjarretes e madeixas,  
leño branco com-a neve  
d-mellos tecedeiras,  
epra remate, unha xoya  
ae foi o pasmo d-aldea:  
nha máquina noviña  
das que din de cadeneta.

Y-abrindo a casa á saúde

que viña da carballeira  
nos rayos do sol, no aire  
e no arume das roseiras,  
frente ós xílganos cantores,  
ó pé da ventana leda,  
a velliña de este conto  
sentouse, y-a carón d-ela  
puxo a princesa doente  
pra ensinala a costureira.

#### IV

Como acabou esta histórea  
ben adiviñar se deixa.

Pespunteando mantelos,  
chambras e panos de seda,  
ribeteando refaixos  
y-enchendo os dengues de trenzas,  
a nena tornouse rosa  
roxiña, cheirosa e fresca.

Foi á fonte y-ó muíño,  
bailou en ruadas e festas,  
divertéuse pol-o entroido,  
confesóuse na coaresma.  
tivo mozos,—máis d-un cento,—  
foi c-o gando, pañou herba...  
sin más voltas: fixo a vida  
de todal-as costureiras  
e cando volvou ó pazo  
toleaba pol-a aldea.

O conto é vello. No hay  
quen de sabido no-o esquenza.

Pero o que non saben moitos,  
y-é xusto e bo que se seipa,  
é que se volvou a moza  
tan ridora e brincadeira,  
—si se lle dá creto a un libro  
topado n-unha arca vella,—  
que foi esta princesa  
a que inventou a pandeira.

Non facemos detallada ista reseña porque  
xa se ten publicado nos xornás.

\* \*

Don Francisco Cambó é, quizais, a persoalidade mais outa da actual España política. Quizais o escultore da gran Iberia do porvir. Tamén o únecq estadista «europeo» que eisiste oxe ante nos. Si tedes falado algunha ves co as pirmeiras figuras políticas españolas e logo tivéchedes trato con Cambó, ouservaríades unha fonda diferenza: Cambó o non é soio o talento afiado n'unha gran cultura utilitaria, disciprinada pr'os fins que proponse abrangue; é, o mesmo tempo, un carácter, unha vontade d'enerxético esceucional. O mar da pasión no que se refrexa o ceyo dos coneccementos, que todo home público leva dentro de si, n'iste non morre endexamais sóbor d'areas, senon que rompe contra de rocas. N'il, quizais, difrénciese fondamente d'outro Francisco catalán: Pi Margall, e d'outro Francisco andaluz: Giner de los Ríos. Cambó, tampouco é, como din moitos, home aspro. Ten cordialidade baril, rexa. E inda a quenes non fosen amigos d'il nos ideáis, atraiños e engaýolaos pol-a força da suxestión que exerce. E unha outa persoalidade sustantiva.

Cambó oferceu ás *Irmandades da Fala* o apoio de Cataluña para traballar pol-a rendición da terra. Como resulta da sua visita, cando fique o actual estado de cousas, quedou acordado o faguer na Cruña, Santiago e Vigo tres grandes autos de propaganda, base d'outras campañas, nas que tomarán parte ilustres persoalidades bascas ec a-talás. Daránse tamén conferencias de carácter económico adicadas ós nosos capitalistas.

E entón é cando a y-alma galega, que o ilustre *leader* do rexionalismo da irmá maior Cataluña, coida viva, agardamos que terá de pôrse en pe, cansa xa d'axionllárese.

Séipanno nosos amigos e irmans: axiña chegará o momento de loitar rexamente, no terreo cívico, co a axuda d'ises doux grandes pobos que se chaman Cataluña e Basconia, pol-o rexurdimento hispano.

Saudamos en D. Francisco Cambó, con saudo que nos sal da y-alma, ó mestre do patriotismo, da cidadanía, do direito, da libertade; ó home mais «europeo» que temos conocido.

\* \*

Nosos amigos de Cataluña, axiña nos agasallarán c'unha edición d'as poesías mais patrióticas da inmortal Rosalía Castro, feita pra regalárnola sin ideia de lucro.

Tamén teñen mentes de traguer solenemente a gran coroa artística da que xa temos falado, pr'ó moiemento da insine autora de *Follas Novas*.

A nosa gratitudé vértese n'istes berros ateigados d'amore:

¡Visca Catalunya! ¡Terra a nosa!

## CAMBÓ EN GALICIA

O viaxe do Sr. Cambó á Cruña e a outras poboaciós galegas, coidamos que seña frutífero. O ilustre viaxeiro, que pousaba por ves pirmeira na nosa terra, ó chegare á cidade herculina recibiu moitos saudos telegráficos e telefónicos das *Irmandades da Fala* da rexión.

O Consello da *Irmandade* cruñesa fixolle un recibimento garímoso. Canda o siñor Cambó viña o culto e simpáteco pirmeiro tenente alcalde do Municipio de Barcelona. D. Xavier Calderó, curmán do senador presidente da Asamblea de parlamentarios Sr. Abadal.

Moitas sinificadas persoas da Cruña fono o Hotel onde hospedouse o admirabre po-

lítico, c'o ouxeto de darlle a benvida. Co il fixeron intervius un xornalista d'*El Noroeste*, outro do *Ideal Gallego*, e os correspondentes d'*El Liberal*, e *Heraldo de Madrid*, e d'*El Día*, e d'*El Imparcial*. Ningún redactor de *La Voz de Galicia*, coma redactor, celebrou interviú c'o ilustre rexionalista.

O Consello da *Irmandade* cruñesa, agasallouno c'unha xira ó Pasaxe. Logo visitou a Exposición d'arte galego, e pol-o derradeiro foi saudar ós Amigos da Fala no seu domicilio, onde fixo unha formosa improvisación que lle valeu moitos aplausos e vivas a Cataluña. Tamén falaron, no noso idioma, os Sres. Villar Ponte e Sanz (D. Rodrigo).

## Carta aberta á Condesa de Pardo Bazán

**J**LUSTRE enemiga: No xornal madrileño La Nación leíu un artigo seu, falando do certame d'arte galego da Cruña, que coido cheo d'errores. E como ise artigo refrexa algo do que xa vosté dixera na derradeira conferencia que dou na cibdade herculina, non podo deixar de saírllo camiño, con moiito respeito, ende ben, mais con outa sinceridade sinxela.

Un dia falou «Angel Guerra» de que vostede non sentía a rexión, de que vostede ollando a rexión «cerebralmente» co iste xeito levábaa ás suas notabres cuartillas. O marco da rexión—o xuicio d'aquil escritor—parecialle estreito, xa que cobizaba unha fama e unha groria universás, postas ó dorso d'un título de Castela. Vosté ben sabe que un portugués ilustre—nado preto da nosa terra—Eixa de Queiroz, chegou ó corazón d'Europa que é o mesmo que ó de tod'o mundo, sin sair das entrañas da raza nin do idioma que c'eo noso s'afunde.

Pro da raza queremos falare. Vostede erguendo un prejuicio que non cadra ben c'os seus talentos, o mesmo na conferencia da Exposición que no artigo de La Nación unifica, «porque sí», que é a maior razón de quenes ningunha teñen, a y-alma ibérica. Vostede refirese sempre a unha raza común hispana, da que todalas manifestaciós rexionás d'orde artístico non son senón xeitos d'estructura accidental. Pra vosté comenza a habere uña escola de pintura galega, que no fondo é española e que sin a tradición pictórica española non eisistiría.

En serio, centíficamente, señora condesa e ilustre enemiga, eso é difílle de proba. E quizais, ollando ben, non seña mais que un logar común valeiro. Teño pra min que o galego, por exemplo, non ten c'eo andaluz ou o castelán—infruencias d'hexemonia pentasencular e de cruzamentos parciás a unha veira—unha somellanza antropolóxica tan íntima coma c'eo irlandés e o portugués. A nosa conformación craneal, o noso xeito espiritual imposto polas caraterísticas fixiolóxicamente específicas, dónannos unha persoalidá feitura da natureza que nos alonga e nos diferencia pola raíz, dos mais habitantes da España. E o que decimos dos galegos, dito queda tamén de bascos e catalás, con relación a casteláns, andaluces, etc.

E sendo eisí, inda que non eisistiran tradições pictóricas gloriosas na España, sempre que houbese en Galicia homes conecedores da técnica da pintura—por ter vivido no extranxeiro—a Exposición d'arte galego que oxe todos festexamos e aloumiñamos porque engayolou noso orgullo nacionalista—do nacionalismo do arte fala o culto escritor

Ramón M. Tenreiro—, podería eisistir o mesmo, ou millor ainda, quizais. ¿Onde queda, pois, aquello do infruxo d'unha raza común?

Si a pintura e a escultura son sentimento e emoción postos ó servicio da técnica, dentes de nada, fora d'aquil tributo que ó comunismo da civilización rinden todolos pobos, como dixo Guyan, ó ser diferentes dos alleos nosos pintores, xa que nos seus lenzos a vibración interna correspondece co a que de fora lles chega por concerto de quen é fillo do ambiente co ambiente, ¿qué infruxo de raza fantástico pode asinalarnos Doña Emilia?

Non; Galicia eisiste con todalas características d'unha nacionalidade mais acusada que a de moitos Estados nacionás.

A condesa de Pardo Bazán non quere reconecer isto, e por non reconecelo, desbotase da realidade. E chega a dicir, no mesmo artigo de La Nación,—imponendo sua teoría—quu a moza do pano amarelo do lenzo nomeado «Parolando» de Sotomayor, sin pano e c'un nimbo tras a testa somellaria unha mística con recendo de santidá.

Isto xa nos parece o colmo do erro. Porque si a imaxe d'unha moza galega que parola, vivindo nos ollos picareiros unha pasión humana coa forza da xuventude que impón o instinto fisiológico, pode trocárese, sin mais que deixala sin pano, nunha imaxe de santa, hai que convir nunha d'istas duas cousas: que as mulleres de Galicia son inespresivas,

antinaturás, ou que Sotomayor fixo un cadro sin valimento.

I-entón, fixéronna boa, cantos loubaron a inspiración do mestre autor do «Rapto de Europa».

Queda xa descarregada nosa concencia. Desimule o estrevimento que suponen istas liñas, feitas de presa, nosa ilustre enemiga a quen lle bico os pes.

A. VILLAR PONTE.

### TEÑAMOS XEITO E BÓ TENTO

## OS COROS GALEGOS

O s coros galegos, porpagadores da música enxebre, multiprícanse. En Santiago organízase un que levará o nome de «Quexumes dos pinos.»

Na Cruña, vai xurdir outro nomeado «Froita nova.» Quizais a moda entre por moito en todo isto. Quizais algunha d'istas simpáticas entidades teñan curta vida: com'a das rosas. Non importa. Con'as rosas, mentras duren farán un labor ló: o d'encherde de recendo enxebre os aires das nosas cidades corrompidas polo centralismo.

Pro hai que termar d'unha cosa: de non caere no eterno cativo costumetan de nos, que consiste en matar todo pol-aruín competencia. O mesmo as industrias que o comercio, que a política e o arte. A contra de B. Fulano contra de Zutano. U partido contra d'outro. Unha tenda frent d'outra tenda. O abafante e maldecido individualismo do que imos ateigados e queé noso «mal cativo», benficioso pr'os despeos eni-

## PINTORES D'ALMAS

## SOTOMAYOR

Diante dos seus lenzos,  
que son maravilla da maor maravilla,  
crédes ver trunfantes todolos cobizos

da nosa Galicia.

Cos pinceles máxicos  
saca da paleta tales meiguerías,  
que asomella que os vellos petrucios  
y-as mozas garridas  
son corpos con almas  
e corpos con vida.

As xentes labregas do chau arzuan  
parecen de carne, pois cando nos miran  
mesmo pestanexan,  
e nas suas sorrisas  
terven as retrancas  
e desfaise a montón a malicia.  
Coidades ás veces que queren falarvos;  
pensades axiña  
que hastra vos entendan

e vos acariñan;  
védelas correndo camiño da feira;  
atopádelas indo pr'a misa;  
con elas andades  
pol-a romería,  
dispois de que xantan  
no sobrado que está ond'a cociña;  
os ollos da nena do pano amarelo  
danvos tal ledicia,  
tanto vos enchiouchan  
e vos enteitizan,  
que ainda non sabedes si alá dentro d'eles  
hai candores ou hai picardías.

Os grandes misterios  
dos grandes artistas,  
que cos seus pinceles  
non remexen colores nin pintan,  
sinón que fan almas con anacos quentes  
de carne e de vida!

Do libro *Terra a miña*, próximo a publicarse.

ELADIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ.

migos que colleitan froito do crásico «divide e vencerás.»

Tíñamos na Cruña, «Cántigas da Terra»: un coro que debutou con bô éxito, que conquireu e conquire grandes trunfos, que chegará—e desexamos que chegue ainda—ás outras da gloria, E xa a polilla da cativa cubiza pertende raer n'il, levando a algúns descontentos a facer outro coro. Isto parezanos pouco xeitoso, nin miga serio. Isto amostra que moitos, escravos da sua fachenda, non se decataron ainda de que a actual hora histórica de Galicia, é de xuntanza, d'estreita xuntanza, e non de cativias envexas.

E coidamos que fallan ó patriotismo es-grevio os que pertenden—Deus lles conserve o gusto—traguer á feira froita nova furada polo verme da desunión.

Esi non se vai a ningunha parte; ou, ende mal, vaise camiño do ridícolo e do derradeiro descreto.

E polo d'oxe, abonda. Poñemos a man na chaga.

## Peneirando...

Xa sabemos quen é Apolo Serdan, ise homiño tan fallo de gracia e de sal coma cheo do espírito da pesadez, que no *Ideal Gallego* pespuntea de cando en cando.

Apolo Serdan é Andrés A. Polo. Un polo pior que Peyrolón, que, xa desfeito o anagrama—¡mal pocado!—non ten nada d'apólineo.

Apolo Serdan é un bô siñore nado en Salamanca, que oxe pon as posadeiras como canónigo no coro da catedral de Santiago.

Un siñor de Salamanca que quer difinire o noso rexionalismo, logo de poñer en práctica aquello de «as canonxías galegas pr'ós castelás».

Porque d'isto temos moito que parlare. Porque en Santiago coma n'Ourense, os cabildos veñen sendo unhos tristes focos de desgaleguización, que magoa noso patriotismo.

¡Oh, os opresores do clero galego!, de que falou Correal.

Faise cárgo de toda cras de traballos gráficos, en imprenta, litografía e fotograbado, así coma sellos de caucho

## A Papeleira Galega

FÁBRICA DE BOLSAS DE PAPEL  
DE TODAS CRAS  
FOTOGRAVADO

Teléf. 434

BARRERA, 7

A CRUÑA

Depósito: Cantón Grande, 15

E chistoso o que socede c'o *Ideal Gallego*. N'el tolérase que difinan o noso rexionalismo pra poñernos no ridícolo, un canónigo de Salamanca e un xornalista de Cuenca.

Porque un xornalista de Cuenca foi o que tratou —¡pobrísimo!—de contradicir as doutrinas nacionalistas de Cambó.

Home, vaian a facer pespentes á sua terra. De bufonadas xa vimos cansos.



*El Ideal Gallego* quere un rexionalismo monárquico e confesional, que acougue, cando mais, n'unha descentralización administrativa.

Isto é canto ocúrreselle oponer ó pensamento de Cambó, ó nacionalismo catalán e ó nacionalismo galego.

Pí Margall dixo que perfiría unha monarquía federal a unha república unitaria.

Os do *Ideal Gallego*—tribuna de rexionalistas de Cuenca e Salamanca—queren, polo visto, denantes que unha Galicia redimida, sexa co'a Monarquía ou co'a Repúbrica, unha Galicia escrava pro monárquica.

Monárquica e confesional. Unha Galicia soio pra algunas direitas.

Os que non sexan monárquicos e confesionais, non poden sere bos galegos.

Pensando como no século XIII.

¡Canta pobreza d'espirito!

*La Voz de la Verdad* de Lugo—culto, valente xornal católico—rebateu todas istas parvadas d'*El Ideal*.



O Sr. Burgos—ministro de Gracia e Xusticia—na abertura dos Tribunals, condenou o rexionalismo, oficialmente.

E un caso d'aurora boreal.

Dino d'anadirse ó de Romanones cando lle dixo a Cambó no Congreso que non se podía falar d'autonomía nas Cortes.

Como nos tempos das Colonias.

E ben visto que a nova política ten de sere periférica. A da Meseta quebróu.

Burgos, Cuenca, Salamanca, Guadalaxara... ¡Layos d'ultra tumba!



O Sr. Landín, da cidade do Lérez, fixo unha interviú con Cambó.

Cambó dixolle que o pirmeiro que debe facerse en Galicia é fomental-o noso idioma, pois o que oxe ocorre na patria galega, ocorría en Cataluña a comenzaos do século XIX, pro a forza de traballar no campo das letras e das artes, chegou aquí pais á ter coma predilecta a fala catalána.

Vede o comentario que á esto lle pon Landín:

«¡Demasiado!—dicímos nós, oido ó Sr. Cambó producirse en aspro catalán cada vez que trocaba suas verbas co'as do seu acompañante Sr. Calderó.»

¿Demasiado, Sr. Landín?

Demasiado é o que vosté lle fai dicire a Cambó sóbor de Besada. Cambó non falou de Besada o que vostede dí, e que logo reproduxo «candidamente» *El Noroeste*, da Cruña.

De Besada ten o mesmo conceuto que nós. ¿E de vosté? De vosté xa sabe que é dos que poñen unha vela ó agrarismo e outra vela ó besadismo. Polo que poida tronare.

E xogos con duas baraxas, non.

Ó *Diario de Pontevedra*—xornal de gran circulación na provincia de Riestra, 500 exemplares,—facemoslle a figura.

En troques gabamos ó valente *Progreso*.

No ano 1913, c'unha colleita regular, valían os cen kilos de trigo de Castela, 29 pesetas. N'iste ano, c'unha colleita das millores de que se ten lembranza, non habendo exportación valen 42 pesetas, no logar de producción.

¿Por qué? Porque os trigueiros casteláns, en beneficio de qués ben sacrificada Galicia dend'antigo, adícanse á acaparación.

¿Qué por culpa d'eles rube o pan e pode habere fame en España?

¡Por algo temos o réximen centralista!

¡Isto crama ó ceyo!!

LIT. E IMP. ROEL.—CORUÑA.

### NOVO LIBRO

## Da Terra asohallada

POESÍAS

DE  
Ramón Cabanillas



De venda en todal-as librerías e na ademanistración d'A Nosa Terra.

Prezo: 1'50 ptas.

## FRÁBICA MECÁNICA

### DE CALZADO

— DE —

## ANXEL SENRA

RÚA XUAN FLÓREZ

Depósito: Cantón Grande, 15

A CRUÑA

**FILLOS DE A. BARCELÓ (S. en C.)****MÁLAGA**

Cosecheiros, esportadores de viños seleitos da España, oxén, anisados, ron, coñac, etc.

Son os únicos donos das marcas de moito creto e sona chamadas.

**ANÍS DOUS MONOS****RON LA LUCÍE****OXÉN SUPERFINO**

Pra encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

**Automovilistas:**

As mais fortes, millores e mais económicas cubertas, son as

**PALMER**

Depósito xeneral en Galicia.

Real, 20 -- A Cruña

**BALDOMIR**

Pórase axiña a venda unha nova colección de melodías inspiradas en poesías de Rosalía, Curros, Cabanillas e Rey Soto.

**LABREGOS:**

Si queredes encoutar a peste das patacas, vacelos (vides), hortalizas, etc., e dobrar a colleita d'aqueles productos, empregade o

**SULFATO DE COBRE**

Pedide prezos e condicíos ós

**Grandes Almacés de Ferretería, Vidros e Pinturas**

DE

**Romero Hermanos**

Concepción Arenal, 1 e 3; Iglesia, 90 e 92,  
e Canalejas, 77

**F E R R O L****H. LA PALOMA**

— DE —  
Ramón Morandeira

Este espródigo establecemento, situado no mais céntrico d'a poboación, axeitado á outura dos millores da sua cras, conta con espazosas e aireadas habitazons, boa e abundante mesa, un servizo puntual i esmerado, e asistencia facultativa pol-o enxebre e renomado doutor A. Otero.

Fonte de San Antón, 20 - Santiago

**LEUTORES:**

Quen queira ter un traxe bóo e xeitoso, e que lle coste pouco diñeiro, qu'ó faga na xastrería de

**Xosé Varela**

CIRCO, 16-BAIXO — VIGO

**FÁBRICA DE BISELAR, GRABAR  
E DECORAR CRISTAL**

Espellos de Venecia e de tocador, lisos e biselados.

Rótulos grabados e vidreiras artísticas.

Lúas de grandes tamaños e grosuras.

Vidros impresos e de todal-as cras.

Baldosas pra pisos.

**Narciso F. Pereira**

ORZAN, 76 E SOCORRO, 37 E 39

**A CRUÑA*****Farmacia da Silva***

PATENTES NAZONALES I-ESTRANXEIRAS  
SURTIDO COMPRETO

Silva -- A Cruña

**Os esquisitos VIÑOS do****VALLE DE MONTERREY - Ourense**

véndense na rúa da Franxa, 41

Probádeo, os que gustedes d'un bon viño de mesa.

**NAZONALISMO GALLEGO**

A NOSA AFIRMACIÓN REXIONAL  
(2.ª EDICIÓN)

Libriño ben imprentado nos modernos talleres da «Voz de Galicia» con xuicios e opiniós de Rodrigo Santiuste, Porteiro, Banet, Fontenla, Calvo, Casares, etc., por Antoni Villar Ponte.

Véndese a 50 céntimos.— Os pedidos faránse ó autor, no Rego d'Auga, 4-1.-o — Cruña. — Os suscritores d'este boletín poderán adquirilo á mitade do prezo sinalado.

**COMPAGNIE GENERALE TRANSATLANTIQUE****VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE****SERVICIOS DIREITOS DENDE O PORTO DA CRUÑA****LÍNEA DE HABANA E VERACRÚS**

Prezo en terceira á Habana . . . . .	Ptas. 293'60
» » Veracruz . . . . .	» 313'60

Facilitanse billetes de ferrocarril da Habana a Santiago de Cuba pol-o prezo de Ptas. 35.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informes sóbor de datas de saída, precios do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

**D. Nicandro Fariña**

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA. — Quedan sin efecto todal-as tarxetas de visita, pois non se deixa entrar a bordo.

